



RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE CATRO MIL CATROCENTOS SETENTA E SETE METROS CADRADOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE, CON DESTINO A PASEO E ZONAS DE ESPAZOS LIBRES DE USO PÚBLICO E RECREATIVO NA PRAIA DE SARDIÑEIRO, NO LUGAR DE SARDIÑEIRO, TERMO MUNICIPAL DE FISTERRA (A CORUÑA).

Expediente A-2025/371-C

Logo de examinar a documentación que consta no expediente instruído inicialmente pola Demarcación de Costas de Galicia, a instancia do Concello de Fisterra, en solicitude de concesión de ocupación de catro mil catrocentos setenta e sete metros cadrados (4.477 m²) de dominio público marítimo-terrestre, con destino a paseo e zonas de espazos libres de uso lúdico e recreativo na praia de Sardiñeiro, no lugar de Sardiñeiro, termo municipal de Fisterra (A Coruña), resultan os seguintes:

I. ANTECEDENTES

1. As instalacións obxecto da solicitude refírense a un paseo marítimo na cabeceira da praia de Sardiñeiro xunto á desembocadura do arroio de Sardiñeiro, na localidade de Sardiñeiro de Abaixo, no termo municipal de Fisterra. O devandito paseo foi executado pola Demarcación de Costas de Galicia entre xullo de 1994 e febreiro de 1996. Antes da intervención do Estado, había edificacións na zona e usos non permitidos pola Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas. As obras consistiron na execución de viarios peonís e zonas axardinadas entre os mesmos, actuando sobre unha superficie total aproximada de 4.477 m².

A principios do ano 2000 o Concello de Fisterra instalou un pequeno parque infantil duns 370 m² dentro da zona axardinada occidental do paseo, con elementos desmontables, como mobiliario do paseo de bordo, sen modificar o seu uso lúdico e peonil.

O 30.01.2019 o Concello de Fisterra solicitou á Demarcación de Costas de Galicia autorización para rehabilitar e reformar o parque infantil da praia de Sardiñeiro.

O 25.04.2019 a Demarcación outorgoulle autorización establecendo a condición previa de tramitar a correspondente concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre, para toda a actuación executada no seu día pola devandita administración.

O proxecto presentado inclúe a rehabilitación do parque infantil duns 370 m² situado integramente en dominio público marítimo-terrestre. As actuacións solicitadas consisten en esencia no desmante de varios xogos infantís e randeiras, limpeza e adaptación ás normas de seguridade vixentes, entre elas o valado da zona de xogos con madeira, e plantación de céspede natural aos arredores.



2. Sometida a petición á regulamentaria información pública, non se presentaron alegacións durante o prazo concedido.

3. Solicitados os correspondentes informes, os Organismos consultados emitiron os seguintes:

- A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia informou en sentido favorable a petición.

4. Efectuada a confrontación do proxecto sobre o terreo, o servizo de vixilancia de costas elaborou un informe sobre as instalacións existentes, achegando ademais unha reportaxe fotográfica. No devandito informe sinalábase os seguinte: *"No DPMT situouse un parque infantil, delimitado cun valo de madeira, que ocupa unha superficie aproximada de 350 metros cadrados. A obra tivo lugar nos meses de abril e maio do ano 2020. No DPMT lindando co parque infantil, instaláronse aparatos ximnásticos biosaludables, ocupando unha superficie aproximada de 150 metros cadrados".*

5. A Demarcación de Costas en Galicia, ao remitir o expediente aos Servizos Centrais do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, informou favorablemente e propuxo as condicións para o seu posible outorgamento.

6. A Dirección Xeral da Costa e o Mar do Ministerio resolveu, con data do 22.06.2025, someter á aceptación do Concello de Fisterra as condicións e prescricións polas que se podería outorgar a concesión.

7. Con data 30.06.2025, recíbese no Servizo do Litoral da Coruña a documentación do expediente remitida pola Demarcación de Costas en Galicia, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para os efectos de continuar coa súa tramitación e posterior resolución, de conformidade co disposto no Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

Os datos do expediente son os seguintes:

Solicitante:	Concello de Fisterra
Data da solicitude:	06.05.2019
Obxecto:	Ocupación de DPMT para paseo e zonas de espazos libres de uso lúdico e recreativo na praia de Sardiñeiro
Situación:	Praia de Sardiñeiro, termo municipal de Fisterra (A Coruña)
Superficie:	4.477 m ²

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 6587
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal



8. Con data do 21.04.2026 déuselle traslado ó Concello de Fisterra da oferta de condicións e prescricións polas que procedería outorgarse a concesión de ocupación do DPMT, para a súa aceptación, ao abeiro do artigo 152.11 do RXC.

9. Con data do 03.07.2026 reiteróuselle ó Concello de Fisterra a oferta de condicións e prescricións ante a falta de aceptación pola súa parte.

10. O 11.08.2026, o Concello de Fisterra achegou un certificado asinado polo secretario-interventor do Concello no que fai constar que o Pleno da Corporación na sesión celebrada o 6 de agosto de 2026 acordou, por 9 votos a favor e 1 abstención, aceptar as condicións e prescricións recollidas no informe asinado en data 21 de abril de 2026 polo xefe do Servizo do Litoral do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Coruña.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1. Competencia para resolver

O artigo 48.1 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (DOG núm. 133, do 13.06.2023), establece que, respectando o réxime xeral establecido na normativa de costas, as autorizacións e concesións do dominio publico marítimo-terrestre serán outorgadas polas consellerías competentes no momento no que se produza o efectivo traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral.

O 19.05.2025 publicouse o Real decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, en virtude do cal quedan traspasadas a esta comunidade as ditas funcións e servizos; nomeadamente, a xestión das concesións demaniais, que inclúe, en todo caso, o seu outorgamento, renovación, prórroga, modificación e extinción (BOE núm. 120, do 19.05.2025).

De conformidade co disposto no Decreto 50/2025, de 30 de xuño, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e os servizos traspasados pola Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral (DOG núm. 124, do 01.07.2025).

A competencia para resolver a solicitude presentada correspóndelle á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto no artigo 11.1.b) do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (DOG núm. 101, do 27.05.2024), modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238, do 11.12.2024), e polo Decreto 106/2025, do 11 de novembro (DOG núm. 228, do 25.11.2025); e na disposición transitoria única do Decreto 50/2025, do 30 de xuño, segundo o cal, no ámbito da consellería con

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 6587
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal



competencias en materia de ordenación do litoral, correspóndelles aos servizos provinciais do litoral a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de concesión demanial de ocupación no dominio público marítimo-terrestre e á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia do litoral a súa resolución.

II.2. Marco xurídico

1. O artigo 32 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (LC), desenvolvido polo artigo 61 do Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC), permite a ocupación do dominio público marítimo-terrestre para aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización.

2. O artigo 31.2 da LC, desenvolvido polo artigo 60 do RXC, sinala que os usos que teñan especiais circunstancias de intensidade, perigosidade ou rendibilidade e os que requiran a execución de obras e instalacións só poderán ampararse na existencia de reserva, adscrición, autorización e concesión, con suxeición ao previsto na LC, noutras especiais, no su caso, e nas normas xerais ou específicas correspondentes, sen que poda invocarse dereito algún en virtude de usucapión, calquera que sea o tempo transcorrido.

3. O artigo 64 da LC, desenvolvido polos artigos 131 e seguintes do RXC suxeita á previa concesión administrativa toda ocupación do DPMT con obras e instalacións non desmontables.

4. O artigo 95 do Regulamento Xeral de Costas establece que *"1. Os paseos marítimos localizaranse fóra da ribeira do mar e serán preferentemente peonís (artigo 44.5 da Lei de Costas). 2. No caso de modificación das características de paseos marítimos existentes non se admitirán vías rodadas nos mesmos, salvo que non exista posibilidade de situar outras vías alternativas nas proximidades"*.

Para estes efectos, o paseo marítimo deberá ser de carácter preferentemente peonil, estando prohibido o estacionamento no mesmo.

5. A Dirección Xeral da Costa e o Mar do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico informou da súa intención de proceder á restauración ambiental dos terreos ocupados pola concesión nos seguintes termos:

"(...) dada a localización do parque sobre a zona dunar da praia e co obxecto de proceder á súa recuperación ambiental, o prazo polo que se outorga a concesión de acordo con o artigo 135.5 do Regulamento Xeral de Costas, é de dous (2) anos, transcorrido o cal se procederá polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico á restauración ambiental dos terreos ocupados pola concesión".



6. De acordo co disposto no artigo 42 da LC, para resolver sobre a ocupación ou utilización do DPMT achegárase o proxecto básico no que se fixarán as características das instalacións e obras, a extensión da zona de DPMT a ocupar e as demais especificacións que se determinen regulamentariamente. A este respecto, o solicitante achegou o "Proxecto construtivo de rehabilitación e reforma do parque infantil da praia de Sardiñeiro", subscrito polo ITOP e enxeñeiro ambiental D. Manuel Búa Varela xunto cos correspondentes planos.

7. En atención ao sinalado no artigo 36 da LC, nas condicións incorporadas a esta resolución, inclúense todas aquelas medidas correctoras dirixidas a minimizar os posibles danos e prexuízos sobre o DPMT.

8. De conformidade co artigo 70 da LC, as concesións serán inscribíbles no Rexistro da Propiedade e, unha vez extinguida a mesma, a inscrición será cancelada de oficio ou a petición do interesado ou da Administración.

9. De conformidade co disposto no apartado C.1. do Acordo de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, aprobado polo Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, a Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe dos cánones pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo terrestre, de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados por estes conceptos, así como recadar os seus importes.

En calquera caso, segundo o artigo 84.8 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (LC), as comunidades autónomas, as entidades locais e as entidades de dereito público dependentes delas, estarán exentas do pago do canon de ocupación nas concesións ou autorizacións que se lles outorguen para o exercicio das súas competencias, sempre que aquelas non sexan obxecto de explotación lucrativa, directamente ou por terceiros.

10. O expediente tramitouse de conformidade co establecido no artigo 152 do RXC.

Á vista de canto antecede, dado que o proxecto é acorde co disposto na Lei de costas e co Regulamento xeral de costas, **RESOLVO:**

OUTORGAR ao Concello de Fisterra a concesión para ocupación de catro mil catrocentos setenta e sete metros cadrados (4.477 m²) de dominio público marítimo-terrestre, con destino a paseo e zonas de espazos libres de uso lúdico e recreativo na praia de Sardiñeiro no lugar de Sardiñeiro, termo municipal de Fisterra (A Coruña), por un prazo de dous (2) anos, de acordo coas condicións e prescricións fixadas nesta resolución.



As administracións públicas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contados dende o día seguinte ao da recepción desta resolución, sen prexuízo da formulación, se é o caso, do requirimento previo previsto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Paula Uría Traba

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 6587
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal



CONDICIÓN XERAIS DA CONCESIÓN

Disposicións xerais

1ª. A presente concesión, que non implica cesión do dominio público nin das facultades dominicais do Estado, outórgase con suxeición ao disposto na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (LC), e no Regulamento Xeral de Costas, aprobado polo Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC).

2ª. Esta concesión outórgase polo prazo que se establece nas condicións particulares, (CP) de acordo co indicado no artigo 135.4.c do RXC. O seu cómputo iníciase o día seguinte da data de notificación do outorgamento ao concesionario. As posibles prórrogas axustaranse ao establecido na LC e no RXC.

3ª. As obras realizaranse de acordo co proxecto subscrito por facultativo competente, segundo nome e data que se indica nesta resolución coas determinacións e modificacións que neste se impoñan. A súa execución levarase a cabo baixo o exclusivo risco e responsabilidade do concesionario, quen deberá designar como director das obras a unha persoa facultativa competente.

4ª. Esta concesión non implica a asunción de responsabilidades pola consellería competente en materia de litoral en relación co proxecto e a execución e explotación das obras e instalacións, tanto respecto a terceiros como ao concesionario.

5ª. O outorgamento desta concesión non exime ao seu titular da obtención dos títulos habilitantes e outras autorizacións que sexan preceptivos.

6ª. Esta concesión non implica a autorización para levar a cabo actividades auxiliares fóra dos límites da mesma, tales como provisiones, almacenamentos ou depósito dos residuos da explotación, nin para facer publicidade audiovisual, salvo aquela que sirva para indicar o título e uso da concesión, previa conformidade do Servizo do Litoral correspondente.

7ª. O concesionario queda obrigado a instalar e conservar ás súas expensas a sinalización terrestre provisional durante as obras, así como a definitiva, que deberá incluír a dos accesos e zonas de uso público.

8ª. O concesionario queda obrigado a presentar o título desta concesión dentro do prazo de trinta (30) días, contados desde o seguinte á notificación do outorgamento, na Oficina liquidadora que corresponda, a efectos de satisfacer, se procede, o Imposto Xeral sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, conforme ao texto refundido do devandito imposto, actualmente vixente, e a entregar o xustificante no Servizo do Litoral correspondente.



Así mesmo, no mesmo prazo, deberá entregarse a documentación que acredite a constitución, se procede, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na Consellería de Facenda ou nas Delegacións Provinciais da ATRIGA), da fianza definitiva equivalente ao cinco por cento (5%) do orzamento total das obras e instalacións a realizar no dominio público.

9ª. O concesionario queda obrigado a repoñer e conservar os fitos do deslinde aos que estea referida a concesión, na forma que se lle indique polo Servizo do Litoral correspondente.

10ª. O concesionario será responsable dos danos e prexuízos que poidan causar as obras autorizadas, directa ou indirectamente, nas praias e costas inmediatas ou próximas, a xuízo do Servizo do Litoral correspondente, debendo presentar para estes efectos, e no prazo que se lle sinala, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas, a fin de reparar os danos causados polas mesmas. Unha vez aceptado o devandito proxecto polo órgano competente en materia de litoral, o concesionario realizará as obras no prazo que se lle indique.

Canons, taxas e gastos

11ª. A Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre e de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, sen prexuízo da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para establecer outros canons por explotación de actividade.

Previamente ao comezo das actuacións, o solicitante deberá dirixirse ao órgano competente da Administración do Estado (Demarcación de Costas de Galicia ou Servizo Provincial de Costas correspondente do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico) para a liquidación e abono do canon correspondente pola ocupación do dominio público marítimo terrestre, en virtude do establecido nos artigos 181 e 182 do RXC e deberá entregar o xustificante no Servizo do Litoral correspondente.

As Comunidades Autónomas, as entidades locais e as entidades de dereito público dependentes delas, están exentas do pago do canon de ocupación nas concesións que se lles outorguen para o exercicio das súas competencias, sempre que as mesmas non sexan obxecto de explotación lucrativa.

Reformulo das obras

12ª. O concesionario solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente, coa suficiente antelación para que as obras poidan comezarse dentro do prazo, a comprobación do reformulo das mesmas, que se practicará coa asistencia do concesionario e do director de obra, levantándose acta e planos xeral e de detalle,

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 6587
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal



correspondendo ao órgano competente en materia de litoral a súa aprobación, se procede.

Nos devanditos planos deberán representarse, polo menos, coas suficientes referencias fixas:

- a) O deslinde do dominio público (liñas interior e exterior da zona marítimo-terrestre e, no seu caso, liña de praia ou doutras pertenzas do dominio público marítimo-terrestre).
- b) No seu caso, os accesos públicos ao dominio público marítimo ata a súa conexión con viais públicos.
- c) O dominio público en concesión e a súa ocupación coas obras do proxecto, así como todas aquelas seccións que sexan necesarias para a súa definición.
- d) As zonas de distinto uso, público e privado.
- e) Tanto na acta como nos planos, consignaranse as medicións das superficies mencionadas e o seu carácter.

Execución das obras

13ª. O concesionario dará comezo ás obras e as terminará dentro dos prazos que se sinalan nas condicións particulares.

14ª. O concesionario non poderá ocupar, para a execución das obras, espazo algún do dominio público fóra do autorizado especialmente para iso polo Servizo do Litoral correspondente.

15ª. Se transcorrido o prazo sinalado para o comezo das obras, estas non se iniciaron e o concesionario non solicitase a prórroga daquel, a Administración poderá declarar resolta ou anulada a concesión, quedando a favor da Administración Autonómica a fianza constituída.

16ª. O Servizo do Litoral provincial correspondente poderá inspeccionar en todo momento a execución das obras, para comprobar se as mesmas se axustan ao proxecto en base ao cal se outorgou a concesión. Se apreciase a existencia de desviacións en relación co mesmo, ordenará a paralización das obras na forma establecida polo artigo 103 da LC, incoando, no seu caso, os expedientes que correspondan e, en particular, o de caducidade cando as modificacións sexan de sensible importancia.

17ª. Se o concesionario incumprise o prazo de terminación das obras sen solicitar a prórroga do mesmo, será potestativo do órgano competente concederlle unha prórroga do devandito prazo, con posibilidade dunha sanción de ata o dez por cento (10%) do orzamento total das obras, ou incoar o expediente de caducidade da concesión. Se se concedese a dita prórroga, a mesma será a última que poderá outorgarse nestas condicións, polo que un novo incumprimento levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.





18ª. Se o concesionario, antes de terminar as obras e instalacións, renunciase total ou parcialmente á concesión, perderá a fianza constituída, a menos que demostrase que a renuncia foi motivada pola denegación, por parte doutros organismos oficiais, dos títulos habilitantes, permisos ou outras autorizacións necesarias. Ademais, salvo decisión contraria do órgano competente, quedará obrigado a levantar as obras e instalacións á súa costa, deixando o terreo da concesión libre de toda ocupación, no prazo que se lle sinala.

Recoñecemento das obras

19ª. Unha vez terminadas as obras, o concesionario presentará o certificado final da obra, subscrito polo seu director e visado polo seu colexio profesional, no que deberán estar incluídas todas as obras, mesmo, no seu caso, as correspondentes á vertedura de augas residuais ao mar, e solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente o recoñecemento final das mesmas, que se practicará coa asistencia do concesionario e do seu director de obra, levantándose acta e planos cos mesmos requisitos que os de reformulo. O incumprimento desta condición levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.

20ª. A fianza definitiva devolverase ao concesionario ao ano de ser aprobados polo órgano competente a acta e os planos de recoñecemento final das obras. As ditas obras substituirán entón á fianza e responderán do cumprimento das cláusulas desta concesión, cando fose procedente.

Conservación das obras

21ª. O concesionario queda obrigado a conservar manter as obras e terreos concedidos en perfecto estado de utilización, mesmo desde os puntos de vista de limpeza, de hixiene e de estética, realizando ao seu cargo os traballos de conservación e mantemento e cantas reparacións sexan precisas para iso. Cando estas teñan o carácter de gran reparación, o concesionario deberá presentar previamente, para a súa aceptación, no seu caso, pola Administración, o proxecto correspondente.

22ª. O Servizo do Litoral correspondente poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación e mantemento das obras e terreos concedidos e sinalar as reparacións e outras accións que deban realizarse para o cumprimento dos termos da concesión, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle indique e na forma establecida na anterior condición. Se o concesionario non realizase estas actuacións no prazo establecido, o órgano competente da Administración Autonómica poderá impoñerlle unha sanción económica que non exceda do 10% do orzamento total das obras autorizadas, concedéndolle un novo prazo de execución. Se o concesionario non executase as reparacións neste novo prazo, incoarase o expediente de caducidade da concesión.





23ª. A destrución de todas ou da maior parte das obras autorizadas por medio de concesión, sempre que se deba a causas de forza maior, dará dereito ao concesionario a optar entre a renuncia á concesión sen dereito a indemnización algunha e coa obrigaón de demoler e retirar os restos das obras, ou a reconstrución ás súas expensas das mesmas no prazo que se lle sinala polo órgano competente. Se a destrución ocorre por dolo ou culpa do concesionario ou persoas que del dependan, a opción anterior corresponderá ao órgano competente, aínda que no caso de que o concesionario non presente a renuncia á concesión, instruírase o expediente de caducidade da mesma.

24ª. Se o concesionario, unha vez terminadas as obras e aprobada a acta de recoñecemento final das mesmas, renunciase total ou parcialmente á concesión, quedará obrigado, de acordo co que se determine polo órgano competente da Administración Autonómica a entregar as obras e instalacións ao dominio público estatal ou levantarlas á súa costa, deixando neste último caso o terreo total ou parcialmente libre de ocupación.

Uso e explotación

25ª. O concesionario non poderá destinar os terreos de dominio público concedidos, nin as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados na concesión.

26ª. Se durante a vixencia da concesión se advertise a realización de obras ou usos non amparados pola mesma, o Servizo do Litoral correspondente ordenará, respectivamente, a súa paralización ou suspensión, na forma e cos efectos previstos no artigo 103 da Lei de costas. Se as infraccións cometidas, fosen de importancia notoria, incoarase, así mesmo, expediente de caducidade da concesión.

Transferencia

27ª. A transferencia das concesións axustarase ao establecido no artigo 70.2 da Lei de costas.

Outras disposicións

28ª. O concesionario estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes ou que en diante se diten, que afecten ao dominio público concedido e ás obras e actividades que no mesmo se desenvolvan, especialmente as correspondentes á ordenación do dominio marítimo, e á Lei de zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, sen que as que se executen nin o seu uso poida ser obstáculo para o exercicio das servidumes de tránsito, protección e acceso ao mar.



Rescate

29ª. A Administración Xeral do Estado se resérvase a función de rescate das concesións demaniais cando a presenza dunha razón de interese xeral vinculada ao seu ámbito de competencias así o esixa.

Revogación

30ª. Cando sen intervención da Administración, varíen os supostos físicos sobre os que se outorgou a concesión, a Administración poderá modificar ou declarar resolta a mesma en función das variacións ocorridas e normativa aplicable, sen que o concesionario teña dereito a indemnización.

Vencemento do prazo concesional

31ª. Cando por vencemento do prazo concesional se produza a reversión, quedarán extinguidos automaticamente, sen necesidade de declaración expresa, os dereitos reais ou persoais que puidesen ostentar terceiras persoas sobre o dominio público concedido e as obras e instalacións obxecto da concesión. Tampouco asumirá a Administración os contratos de traballo que puidese concertar o concesionario para o exercicio da súa actividade empresarial, sen que, por tanto, poida en forma algunha entenderse que a reversión implica a substitución de empresa prevista na lexislación laboral vixente.

32ª. Terminado o prazo concesional, reverterán ao dominio público estatal os terreos, obras e instalacións obxecto da concesión, estando obrigado o concesionario, ás súas expensas, á demolición e retirada das devanditas obras e instalacións, parcial ou totalmente, mesmo con reposición do terreo ao seu anterior estado, no prazo que se lle sinale e sen dereito a indemnización ningunha, excepto no caso de que a Administración durante o prazo de tantos meses, antes do vencemento do prazo concesional, como anos teña o mesmo, de propia iniciativa ou a pedimento do concesionario, declare que, dado que se mantén o interese público das obras e instalacións, proceda ao seu mantemento para continuar a súa explotación na forma que se determine.

Levantarase a correspondente acta de recepción en presenza do concesionario, se comparecese.

Procedemento sancionador, caducidade e constrinximento

33ª. O incumprimento total ou parcial das condicións e prescricións impostas na concesión dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador por infracción contemplada na LC, sen prexuízo de que, cando a xuízo da Administración, a infracción puidese ser constitutiva de delito ou falta, esta pasará o tanto de culpa á xurisdición competente.



Así mesmo, o devandito incumprimento poderá ser causa de caducidade da concesión, especialmente, cando existan reiteradas infraccións dunha ou varias condicións.

34ª. A declaración de caducidade suporá a perda da fianza ou fianzas constituídas, no caso de que aínda non se devolveran, podendo levar aparellada, a criterio do órgano competente, a demolición e retirada das obras e instalacións, parcial ou total, a cargo do concesionario, mesmo con reposición do terreo ao seu anterior estado, no prazo que se lle sinale e sen dereito a indemnización algunha.

A tramitación do expediente de caducidade realizarase con independencia da incoación do procedemento sancionador que proceda.

35ª. Cando o concesionario obrigado a iso non leve a cabo as accións que o órgano competente lle ordene, en aplicación das condicións correspondentes, este, de conformidade co artigo 110 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, poderá executalas subsidiariamente, sendo o importe dos gastos, así como dos danos e prexuízos, a cargo do concesionario.

36ª. Se, en virtude das actuacións practicadas, o concesionario tivera que satisfacer á Administración cantidade líquida, en caso de falta de pagamento, seguirase o procedemento de constrinximento correspondente.



CONDICIÓNS PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓNS

1. Condicións particulares

1ª. Esta concesión outórgase por un prazo de DOUS (2) ANOS, transcorrido o cal o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico manifestou a súa intención de proceder á restauración ambiental dos terreos ocupados pola concesión. O cómputo do prazo iniciárase o día seguinte ao da data de notificación da resolución de outorgamento da concesión ao concesionario.

2ª. As obras que se outorguen na presente concesión son as incluídas no "Proxecto Construtivo de rehabilitación e reforma do parque infantil da praia de Sardiñeiro", subscrito polo ITOP e enxeñeiro ambiental D. Manuel Búa Varela e os planos presentados con data de 05.03.2022.

3ª. De conformidade co disposto na resolución da Dirección General de la Costa y el Mar, do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, do 22.06.2025, o concesionario está exento de canon.

4ª. O concesionario dará comezo ás obras dentro do prazo máximo de seis (6) meses, debendo quedar totalmente terminadas no prazo de catorce (14) meses.

5ª. O concesionario está exento da presentación de fianza, á que se refire o artigo 88 da Lei 22/1988, do 29 de xullo, de Costas, pois é de aplicación o previsto no artigo 173.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora de Facendas Locais, que exime da esixencia de fianza ás entidades locais, excepto cando se trate de bens patrimoniais non afectados a un uso ou servizo público.

2. Prescricións

A. A utilización do dominio público marítimo-terrestre outorgado en concesión será de carácter xeral, público e gratuíto. Para estes efectos, o paseo marítimo será de carácter preferentemente peonil, estando prohibido o estacionamento no mesmo.

B. Deberá quedar garantida, en todo caso, a servidume de tránsito que contempla a lexislación de costas, adecuando os medios necesarios para manter a mesma.

C. O concesionario deberá cumprir o sinalado polos Organismos Oficiais que informaron o proxecto e o que, no seu caso, estableza a tramitación ambiental. Considéranse incluídas nas presentes prescricións as condicións establecidas respecto diso polos Organismos consultados.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 6587
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal



D. O outorgamento desta concesión non exime ao seu titular da obtención das licenzas, permisos e autorizacións legalmente procedentes.

E. Advírtese expresamente que a zona sobre a que está previsto situar as instalacións pode ser inundable pola súa propia natureza, polo que o concesionario asume todos os riscos e danos derivados, tanto para as instalacións como para os seus usuarios, do devandito emprazamento e da súa proximidade ao mar, debendo establecer as medidas de seguridade e vixilancia oportunas.

F. En relación coa explotación das obras, deberase ter en conta o seguinte:

En relación coa realización das obras, deberase ter en conta o seguinte:

1. Non se permitirá ningún tipo de vertedura ao dominio público marítimo-terrestre nin á zona de servidume de protección, de terras, entullos ou materiais ou produtos xerados pola obra, que non conte coa debida autorización, debendo establecer as medidas oportunas para corrixir os impactos xerados durante a fase de execución da obra ou instalación da ocupación.
2. Para a execución das obras non se poderá ocupar espazo algún do dominio público marítimo-terrestre fóra do autorizado especialmente para iso. Non se permitirán as anotacións de paso público, as casetas e contedores non autorizados, nin o almacenamento exterior de provisións, ou depósitos dos residuos da explotación.
3. Realizada a instalación e á vista da súa posible afección ao litoral, o concesionario estará obrigado a modificar a posición desta no que resulte necesario, e mesmo ao seu desmonte e retirada á súa costa, antes do vencemento da concesión.
4. Tanto a explotación como o proceso construtivo deberanse levar a cabo utilizando as mellores técnicas dispoñibles, de forma que o impacto ambiental se reduza ao mínimo. En todo caso, deberán seguirse as instrucións que respecto diso se diten polos órganos competentes.
5. O concesionario será responsable de todos os danos e prexuízos para as persoas, as cousas e o medio ambiente que se poidan derivar, directa ou indirectamente, da realización das obras ou da actividade, na mar, no seu leito e subsolo, e en xeral, nos bens de dominio público marítimo-terrestre, debendo presentar para estes efectos, no prazo que se sinala, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas a fin de reparar os danos causados.





6. Unha vez finalizadas as obras, o concesionario deberá realizar unha campaña de limpeza, eliminando a totalidade de restos da obra e dos materiais empregado na súa execución. Así mesmo, deberá conservar as obras en bo estado e repara os danos que se produzan como consecuencia da ondada ou outros.

7. Todas as consideracións anteriores, así como calquera incidencia no medio ambiente que poida xurdir no proceso de execución das obras, serán analizadas no recoñecemento final das mesmas polo Servizo do Litoral, que deberá subscribir a acta e plano que se levanten, ben de conformidade ou, no seu caso, con reparos. Un exemplar da devandita acta e plano, unha vez aprobadas, deberá remitirse a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático. Na acta de recoñecemento final das obras e no plano, deberá determinarse e representarse a ocupación do dominio público marítimo-terrestre outorgado en concesión, xeorreferenciándose todos os vértices do perímetro de ocupación en coordenadas UTM ETRS89, así como todas aquelas seccións que sexan necesarias para a súa definición. Tanto na acta como nos planos, consignaranse as medicións das superficies ocupadas. No caso de que sexa necesario, debido ao impacto producido polo establecemento e implantación das instalacións, esixirase un proxecto de acondicionamento e mellora da contorna ambiental. Neste caso, a explotación non comezará ata a execución do correspondente proxecto.

G. O incumprimento de calquera das anteriores prescricións ou os casos indicados no artigo 79 da LC darán lugar á caducidade da concesión con independencia da tramitación do expediente sancionador que corresponda.

